



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



# OPEN AUTONÓMICO SALMÓNIDOS MOSCA ENCORO-BEIRA LAGO DE JABARES 17-NOVEMBRO-2018

Este campionato terá lugar conxuntamente co Campionato selectivo da mesma modalidade organizado pola Federación Extremeña de Pesca, xa que o encoro está aberto para competicións cun número mínimo de participantes.

## BASES

A adxudicación dos tramos farase por sorteo, feito en tempo e forma, para garantir a chegada a tempo, para o inicio da proba, de tódolos deportistas ós seus respectivos tramos.

Para a extracción da captura e a súa posterior presentación ó control, deberá facerse uso dunha sacadeira ou trueiro, cuxa lonxitude totalmente estendida non supere os 300 cm. A rede desta, deberá ser de algodón ou outro material non abrasivo.

### Material permitido:

**Canas.** Serán de libre utilización sen exceder de 366 cm. (12 pes) de lonxitude. Os competidores poderán ter as canas que estimen oportunas de repostos. Os competidores serán responsables de levar e protexer o seu propio equipo de pesca.

**Carretes.** De bobina xiratoria e recollida manual o automática.

**Liñas.** Cola de rata de calquera composición cun diámetro mínimo, incluído recubrimento, de 0,55 milímetros (0,22" –polgadas-). As colas de rata deberán ter unha lonxitude mínima de 22 metros.

#### Permítese:

- O uso de liñas flotantes e de afundimento.
- Ó final da liña permítese un so bucle (lazada), dunha lonxitude máxima de 10 cm. para conectar o baixo de liña.

#### Non se permite:

- As cabezas disparadoras ou lanzadoras.
- Engadir pesos e dispositivos ou materias flotantes suplementarios ás liñas.
- O uso de liñas de corpo chumbado.

**Baixos de liña.** De monofilamento cunha lonxitude máxima de dúas veces a lonxitude da cana empregada. Os baixos de liña poden ser anoados de diferentes diámetros, sempre decrecentes para abaixo. A distancia mínima entre nós do baixo de liña será de 30 cm. Os baixos de liña non poden ter elementos adicionais adheridos ó mesmo a excepción das codelas que soporten os reclamos.

#### Permítese:

Un máximo de 3 micro anelas ríxidas (metálicas ou de material indeformable), dun diámetro exterior máximo de 3 mm.

#### Non se permite:

Engadir ó baixo de liña elementos de flotación ou de afundimento.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



### **Reclamos (Moscas).**

Autorízanse o “streamer” e as moscas artificiais flotantes ou afundidas, montadas sobre anzóis simples.

Tódolos anzóis estarán conectados directamente ó baixo de liña. As codelas de unión dos anzóis ó baixo de liña terán unha lonxitude mínima de 5 cm., e estarán atados de modo que non se poidan deslizar sobre o mesmo.

#### **Permítese:**

- Moscas lastradas, sempre que o peso se esconda dentro do revestimento, e este non poderá exceder da curva do anzol.
- Un só adorno visible, que mida como máximo 4 mm. na súa dimensión máxima.
- Un máximo de tres moscas que estarán a unha distancia mínima entre elas de 50 cm. medidas de ollo a ollo, colgando libremente.

#### **Non se permite:**

- As que desprendan colorantes ou cheiros,
- Anzóis con arponciño ou que este non fora totalmente inutilizado, de modo que ofrezca resistencia algunha o desanzolado.
- As moscas nas que o corpo este moldeado en plástico, goma ou silicona e as imitacións de vermes con estes materiais.

Ó longo da proba, calquera control pode pedir o exame dos aparellos de pesca dun deportista.

**PUNTUACIÓN:** Serán válidas as pezas maiores ou iguais a 19 cms., puntuando da seguinte maneira:

- Troitas de ata 40 cms. de lonxitude: 900 puntos por peza.
- Troitas de máis de 40 cms. ata 50 cms.(incluído): 1.100 puntos por peza.
- Troitas de máis de 50 cms. ata 60 cms.(incluído): 1.300 puntos por peza.
- Troitas de máis de 60 cms. ata 70 cms.(incluído): 1.500 puntos por peza.
- Troitas de máis de 70 cms. de loxitude: 1.700 puntos por peza.

O control deberá anotar o intervalo de medida da captura e devolvela a auga en perfectas condicións. As capturas serán presentadas ao control dentro da sacadeira.

No caso de que un deportista acade unha captura coincidindo co remate da manga, deberá avisar ó control, dispoñendo de 5 minutos extra para introducila na sacadeira.

Cada participante competirá en 7 mangas de 45 minutos de duración cada unha, con un descanso entre elas de 15 minutos, e actuará nunha manga como control(o control faise sobre varios tramos á vez ).

A clasificación: Realizarase unha clasificación por manga, a clasificación final será a suma de postos de cada unha delas.

Será imprescindible ter a tarxeta federativa do ano en curso e a licenza de pesca en vigor.

O deportista que non se presente, ou abandone a proba ou a acción de pesca antes da hora oficial de remate da proba, perderá o dereito á clasificación e a continuar na proba.

Os **CATRO** primeiros clasificados obterán praza para o vindeiro campionato **Nacional** da especialidade. (A F.G.P. fará a inscrición dos deportistas na “opción B”).

Para calquera outra norma non descrita anteriormente aterémonos ó regulamento da FEPYC.



Praza Agustín Díaz, 1 local 5  
Complejo Deportivo Elviña  
15008 A Coruña  
tfns.: 677535526 / 677535699  
<http://www.fgpesca.org>  
[federacion@fgpesca.org](mailto:federacion@fgpesca.org)  
V15141328



**A data límite de inscrición e confirmación de asistencia será o 07/11/2018.**

O prezo da inscrición por deportista será de 20€, que deberán ser aboados na conta da F.G.P. en Abanca: **ES34 2080 0176 9630 4001 0672**, antes da inscrición, na cal haberá que adxuntar o xustificante bancario do seu pagamento. O día da competición cada persoa deberá pagar o permiso diario necesario para poder pescar neste encoro.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

## PROGRAMA

SÁBADO 17-1-2018

7,30 Horas.- Concentración de participantes e entrega de plicas Restaurante Complejo Juanjo II (24225 Villanueva de las Manzanas, Spain)

8,45 – 9,30 h.- 1ª manga

9,45 – 10,30 h.- 2ª manga

10,45 – 11,30 h.- 3ª manga

11,45 – 12,30 h.- 4ª manga

12,45 - Comida

14,15 – 15,00 h.- 5ª manga

15,15 – 16,00 h.- 6ª manga

16,15 - 17,00 h.- 7ª manga

17,15 – 18,00 h.- 8ª manga

**Control de Plicas.-** Na comida e o remate da competición.

**Asinado: Jesús F. Bolaño García**

**Presidente do Comité de Salmónidos da F.G.P.**